

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.*

Pola Orde do 10 de xuño de 2019 (anunciada no *Diario Oficial de Galicia* do 18 de xuño pola Resolución do 10 de xuño de 2019) convocouse un concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, publicouse no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> o baremo provisional dos méritos e a relación provisional de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Consideradas as renuncias e ás reclamacións á resolución provisional e de conformidade co artigo sétimo da Orde do 10 de xuño de 2019, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar no anexo I desta resolución a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos específico convocado pola pola referida orde.

Segundo. Publicar no anexo II o baremo definitivo das persoas participantes no concurso de méritos específico agás o das persoas excluídas definitivamente deste que se publican no anexo III xunto coas causas de exclusión.

Terceiro. De conformidade co disposto no artigo 8 da orde, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2019 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

Cuarto. As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano prorrogable ata que o alumno remate a etapa educativa que cursa e como máximo por un período que, incluída a comisión de servizos inicial e as eventuais prórrogas, non poderá superar os 6 anos de duración, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo. A prórroga exixirá petición da persoa interesada e o informe favorable do equipo de orientación específico.



Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

